

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de conserxe incluída na OEP do Concello de Fene do ano 2022

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1228/2025, foi aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, cuxo texto íntegro, se cita a continuación:

“Asunto: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE CONSERXE INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2022, MEDIANTE O SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

Expedientes: 2025/E005/000007; 2025/G003/000863; 2025/G003/001207

Por Resolución da Alcaldía núm. 157/2025 do 19.02.2025, desistiuse do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de conserxe incluída na oferta de emprego público do Concello de Fene do ano 2022.

Como consecuencia do anterior, na Xunta de Goberno Local do 10.04.2025 acordouse a revogación das bases reguladoras do mesmo (publicadas no BOP número 219, de 13 de novembro de 2024) e devanditas bases foron aprobadas de novo.

Por Resolución da Alcaldía núm. 395/2025 do 15.04.2025, aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de conserxe, incluída na OEP do ano 2022, mediante o sistema selectivo de concurso-oposición.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP núm. 76 do 23.04.2025); así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOGA núm. 99, do 26.05.2025) e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE núm. 136, do 06.06.2025). Este último anuncio supuxo o inicio de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 26.06.2025, incluído.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 813/2025 do 08.07.2025 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas outorgándose un prazo de dez (10) días hábiles para emendas e alegacións, prazo que rematou o 31.07.2025.

Á vista do que antecede, consonte ao disposto nas bases reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se relaciona a continuación:

PERSOAS ADMITIDAS

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	CELGA 1 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	CASTRO SANCHEZ, NICOLAS	***3931**	SI	
2.	CASTRO RODRIGUEZ, ALBERTO	***8100**	NON	Non achega CELGA 1, polo que deberá realizar a proba de lingua galega.
3.	DOBARRO GOMEZ, JOSE MANUEL	***4842**	SI	Solicita realizar probas escritas en lingua galega.
4.	MARTINEZ RODRIGUEZ, FRANCISCO JAVIER	***5870**	NON	Non achega CELGA 1, polo que deberá realizar a proba de lingua galega. Solicita realizar probas escritas en lingua galega
5.	ROMERO NEIRA, MIGUEL	***9614**	SI	

PERSOAS EXCLUÍDAS: Non existen

SEGUNDO.- Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo referido aos/ás seguintes funcionarios/as, comunicándolles que o réxime de abstención e recusación fronte á designación do tribunal é o previsto nos artigos 23 e 24 da LRXSP (Lei 40/2015):

PRESIDENTE/A

TITULAR: Beatriz Santiago Yañez, auxiliar administrativa do Concello de Mugardos

SUPLENTE: Humberto Luis Dopico Rodriguez, conserxe do Concello de Fene

VOGAIS

TITULAR: Eva María Morales Rubianes, administrativa da Deputación Provincial da Coruña

SUPLENTE: Paula García Monteagudo, administrativa do Concello de Fene

TITULAR: Juan Miguel Martín Pérez, responsable da unidade de vías e obras do Concello de Fene

SUPLENTE: Mercedes Justo Pena, coordinadora de actividades deportivas do Concello de Fene

TITULAR: Samuel Martínez González, responsable de mantemento do servizos de obras, xardíns e parques do Concello de Neda

SUPLENTE: Jose Manuel Aneiros Landrove, administrativo do Concello de Fene

SECRETARIO/A

TITULAR: Sergio Leiro Mouriño, auxiliar administrativo do Concello de Fene

SUPLENTE: Ana María Santano Martínez, administrativa do Concello de Fene

TERCEIRO.- Convocar ao tribunal á súa sesión constitutiva e inicio da valoración da fase de concurso que terá lugar o día 8 de outubro de 2025 ás 11:00 horas na sala de comisións do Concello (4º andar).

CUARTO.- Notificar esta resolución ao tribunal designado.

QUINTO.- Publicar esta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, con indicación de que fronte a ela poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 30.09.2025 pola Sra. Alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso

2025/6386